



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

ACTA MESA CONTRATACIÓN APERTURA DOCUMENTACIÓN: SOBRE A

ASUNTO:

CONTRATO SERVIZO SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

Na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Valdoviño, no día vinte de xuño ás nove horas e trinta minutos, reunidos previa convocatoria efectuada regulamentariamente, constituese a Mesa de Contratación para a adjudicación do contrato de servizos de salvamento e socorrismo en determinados areais do concello de Valdoviño, ano 2012, formada por:

Presidente: Don José Antonio Vigo Lago - Alcalde Presidente do Concello
Vogais:

- D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro, Secretario do Concello de Valdoviño.
- D. Alberto González Fernández, concelleiro grupo municipal do PSdeG-PSOE
- D. José Antonio Rodríguez Fernández, concelleiro grupo municipal CG (en substitución de D. Gonzalo Doce Vergara)
- D. Manuel Javier Bacorelle Robles, concelleiro grupo municipal U por V
- D. Carlos Alberto Ameneiros Serantes, concelleiro grupo municipal BNG
- D. Senén Martínez Prieto, coma interventor municipal en funcións .

Non acuden Dona Concepción Sanesteban Raposo, concelleira grupo municipal CENVAL e Dona María Cristina Freire Aneiros, concelleira do grupo municipal do PP.

Secretaria da Mesa: Pilar Rivera Rodríguez, Funcionaria de Secretaría.

Trala constitución da Mesa, informase aos presentes das proposicións recibidas en tempo e forma e procedese ao reconto das mesmas e á súa confrontación coa certificación emitida ao respecto polo Secretario da Corporación, así como do nome das empresas:

- EMPRESA: SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.
- EMPRESA: MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.
- EMPRESA: XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
- ENTIDADE: CRUZ ROJA ESPAÑOLA
- EMPRESA: VIRAXES, S.L.



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

De seguido, procedese á apertura dos sobres "A". Do resultado da cualificación, a Mesa de Contratación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Non admitir á empresa "MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L."- por falla da capacidade de obrar ao non figurar o obxecto do contrato no artigo 2º dos seus estatutos sociais.

Segundo.- Requerirle verbalmente ás seguintes empresas para que presenten a documentación seguinte:

"SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L."- Non acredita debidamente a solvencia técnica ou profesional, ao non presentar Certificados dos traballos realizados; polo que deberá presentar debidamente ditos certificados ou ben acreditar esta solvencia por calquera dos medios establecidos no artigo 78 do TRLCSP. (Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

"XEMADE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA"- Non consta o poder debidamente bastanteado (Apartado do prego: Documentos acreditativos da representación) polo que a Mesa decide requerirle a presentación do mesmo así como a presentación de certificados sobor dos traballos realizados nos tres últimos anos relacionados co obxecto do contrato, a efectos de que quede debidamente acreditada a solvencia técnica.

"CRUZ ROJA ESPAÑOLA"- Non consta o poder debidamente bastanteado (Apartado do prego: Documentos acreditativos da representación), polo que a Mesa decide comunicarlle a esta entidade a necesidade da súa presentación.

"VIRAXES, S.L."- Non consta o poder debidamente bastanteado (Apartado do prego: Documentos acreditativos da representación), polo que a Mesa decide comunicarlle a esta entidade a necesidade da súa presentación en data referente á presentación da oferta.

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 9.4. do Prego de cláusulas administrativas particulares, a documentación deberá presentarse antes das doce horas do día vinte e dous de xuño no rexistro xeral do concello.

Cuarto.- Que por parte da Secretaria da Mesa se publique o contido deste acordo no taboleiro de anuncios e se comunique verbalmente ás empresas nas que se observaron omisións ou deficiencias na documentación presentada.



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

Quinto.- Que se convoque á Mesa de Contratación ás trece horas do día vinte e dous de xuño a efectos de cualificar a documentación obxecto de subsanación ou omisión e se pronuncie sobor dos admitidos á licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento.

Sexto.- O acto público da apertura das ofertas económicas queda fixado o día vintedous de xuño ás trece horas e quince minutos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial.

O Presidente da por rematada esta sesión ás once horas e quince minutos deste día, do que CERTIFICO o contido da presente acta.

O Presidente,

A Secretaria da Mesa,